

BANDO

Emilio Luis Díaz Vidal, Alcalde do Concello de Melón, na provincia de Ourense,

FAGO SABER

No marco das accións de implantación e mantemento dos diferentes plans de emerxencias de presas integrados no plan especial de Protección Civil ante o risco de Inundacións en Galicia, INUNGAL, **vaise a realizar unha proba conxunta de funcionamento dos sistemas acústicos dos ditos plans de emerxencia.**

Trátase unicamente dunha proba, polo que non afectará aos veciños, que poderán seguir coa súa actividade diaria.

Con esta actuación búscase acadar dous obxectivos: garantir a operatividade dos sistemas e, ao mesmo tempo, que a poboación das zonas afectadas sexa capaz de recoñecer o son da sirena de aviso de evacuación en caso dunha emerxencia.

A proba realízase a través da colaboración dos titulares das presas e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, e inscríbese no proceso de implantación dos Plans de emerxencia das presas, en cumprimento do establecido na Planificación de Protección Civil ante o risco de inundacións.

A hora prevista de activación que se pode escoitar no Concello de Melón é a seguinte:

25/06/2024	Horario de Mañan	CASTRELO	Ribadavia,Castrelo de Miño, Arnoia, Melón
------------	------------------	----------	---

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Melón, na data da sinatura electrónica,

O Alcalde

Emilio Luis Díaz Vidal

